

Expediente: **2026/404N**  
Destinatario: **CONCELLO DE ALLARIZ**  
Dirección:

Núm. notificación: **DP/00000004/0002/000122885**

*Poño no seu coñecemento que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense, na sesión ordinaria do día 17 de marzo 2026, adoptou o seguinte acordo:*

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Allariz, nos seguintes termos:

**-Importe:** 50.000,00 euros.

**-Obxecto:** Plan de renovación do espazo público e vías urbanas.

**-Xustificación:** A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o importe do proxecto presentado para a concesión da subvención (65.163,68 euros) indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón, dos seguintes proxectos:

3.1.- Plan de renovación do espazo público e vías urbanas Praza Torre Lombarda:  
21.759,47 euros.

- 3.2.- Plan de renovación do espazo público e vías urbanas renovación parque e espazo próximo na rúa Alfredo Nan.: 43.404,21 euros.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade local se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.
- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

No caso de axudas en concorrencia co Plan Cooperou ou con outras administracións, indicar separadamente qué gastos se imputan a cada unha das subvencións.

- 7.- Que se cumpriu coa normativa aplicable en materia de contratos do sector público, en particular, coa lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As actuacións obxecto deste expediente serán executadas pola entidade beneficiaria con suxeición ó disposto na lexislación vixente de contratos do sector público e na normativa sectorial de aplicación. Daráselle absoluta preferencia á utilización dos procedementos de contratación aberto e restrinxido (en canto procedementos ordinarios de contratación). Non obstante o anterior e previa resolución motivada da que quedará constancia no expediente, poderá recorrerse a calquera outros procedementos que poidan resultar de aplicación de conformidade co disposto na lei 9/2017, do 8 de novembro de contratos do sector público (en adiante LCSP). De recorrerse a procedementos de contratación menor, deberá constar expresamente no expediente que a actuación non incorre en alteración ou fraccionamento do obxecto do contrato co fin de eludir as normas xerais de contratación e, no caso das obras, que constitúe unha obra completa nos termos reflectidos na LCSP. A estes efectos, faise constar que existe fraccionamento, en todo caso e sen prexuízo doutros supostos, cando nun mesmo exercicio adxudícanse dous ou mais contratos menores cuxo obxecto sexa idéntico ou de similar natureza, entendo como tal, en todo caso, verbo da contratación de obras e servizos, as prestacións correspondentes o mesmo grupo e subgrupo de clasificación dos enunciados respectivamente nos artigos 25 e 37 do regulamento xeral da

lei de contratos das administracións públicas aprobado por R.D. 1098/2001, do 12 de outubro. Non se admitirá a execución directa de obras nin a fabricación de bens mobles polos servizos municipais, ben sexa empregando exclusivamente medios propios non personificados ou ben coa colaboración de empresarios particulares, co fin de simplificar o trámite de xustificación das axudas e evitar a incoación de eventuais procedementos de reintegro ou perda do dereito a percibir a subvención, por defectos no dito trámite.

Nos contratos menores, deberase ter en conta o concepto de **unidade funcional ou operativa** previsto no artigo 101.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, coa interpretación que recollen os diversos informes da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado, tales como o número 9/2018, do 5 de abril de 2018, o número 45/2018 do 2 de xullo de 2018, o número 111/2018 de 15 xullo de 2019, ou o número 14/2020 de 29 de xullo de 2020.

Sen prexuízo do anterior, o órgano de control interno desta Deputación, levará a cabo as actuacións de comprobación que procedan no marco do control financeiro da entidade. Neste senso, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións

As subvencións nominativas concedidas son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o INORDE, para os mesmos gastos ou por entidades ou empresas privadas, sempre que o conxunto das ditas axudas non exceda do 100% do gasto da actuación subvencionada.

No caso de concorrer unha subvención do Plan Cooperou cunha subvención nominativa concedida por esta Deputación Provincial para a mesma finalidade, deberase garantir a ausencia de sobrefinanciamento.

Para isto, os beneficiarios teñen a obriga de desagregar e indicar expresamente a imputación de cada gasto á axuda correspondente. Un mesmo xustificante ou factura non poderá ser financiado por ambas liñas de axuda de forma simultánea, salvo que se especifique claramente a contía exacta ou a porcentaxe de participación asumido por cada unha, sen superar en ningún caso o custo total da actuación.

Nestes supostos de concorrencia, o prazo de xustificación quedará subordinado ao prazo establecido no respectivo Plan de Cooperación.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

**-Prazo xustificación:** ata o 30 de outubro de 2026.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

Notifícolle isto, facéndolle saber que contra o dito acto poderá formular requirimento de anulación, previo ao recurso contencioso –administrativo, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo de dous meses, ou, alternativamente e de forma directa, un recurso contencioso – administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Ourense (ou outro que resultase territorialmente competente en aplicación das regras establecidas no artigo 14 da Lei reguladora da xurisdición contencioso – administrativa), igualmente no prazo de dous meses. En ningún caso poderán simultanearse ambos recursos.

Os prazos computaranse de data a data a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación, vencendo no día equivalente do mes natural seguinte ou, de non existir este, no último día do dicho mes. No caso de que o día de vencemento sexa inhábil, entenderase prorrogado o dito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

Durante o mes de agosto e nos días que median entre o 24 de decembro e o 6 de xaneiro do ano seguinte, ambos inclusive, os días de festas nacionais e os festivos a efectos laborais na respectiva Comunidade Autónoma ou localidade, non correrá o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo, salvo para o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais no que o mes de agosto terá carácter de hábil.

Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.